

- Ordenanza Reguladora da Taxa por "concesión de Nichos e Terreos no Cemiterio Municipal", cuxa cota tributaria queda establecida da seguinte forma: por cada concesión de Nicho (unidade), é dicir, unha praza, revestido con lápida e inscrición: 77.676.-pesetas.

- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola "subministración da auga", na que se establece que os dereitos de acometida ou enganche serán de 5.000.-pesetas, por cada vivenda e local comercial; e que é a cantidade que se cobra ata a data, por acordo da Corporación; só que non figuraba transcrita na peritada Ordenanza Fiscal.

- Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola prestación dos servizos da "rede de sumidoiros", cuxa imposición e ordenación se acordou nesta sesión, xa que non existía anteriormente e cuxa cota tributaria queda da seguinte forma:

1. A cota tributaria correspondente á concesión da licenza ou autorización da acometida á rede de sumidoiros, esixirase por unha sóa vez e consistirá na cantidade fixa de:
-Por vivenda..... 10.000.-ptas.
-Por local comercial..... 10.000.-ptas.
2.-A cota tributaria a esixir pola prestación dos servizos da rede de sumidoiros e depuración determinarase en función da cantidade de auga, medida en metros cúbicos, utilizada na finca.

Para tal efecto, aplicarase a seguinte tarifa:
a) Vivendas e pequeno comercio..... 20 ptas/m3/bimestre
b) Industrias..... 60 ptas/m3.
Naqueles casos, nos que non se consuma auga da rede municipal, pero se se verte á mesma, o usuario estará obrigado a colocar un contador de vertidos, para os efectos de liquidación da presente taxa.

-As grandes industrias existentes ou outras que se poidan instalar, cuxos vertidos non vaian á rede Municipal, asumirá o custo que garanta a autofinanciación do seu propio vertido, que será establecido mediante Concerto con este Concello.

3. En ningún caso poderá tomarse un consumo de auga que sexa inferior ó mínimo facturable polo seu subministro. A cota resultante da consideración deste consumo terá o carácter de mínima esixible.

Finalizado o debate deste asunto.

A Corporación, por unanimidade dos seus seis membros asistentes, que forman o quorum do artigo 47.3 da Lei 7/1985, do 2 de abril, ó ser nove o número de membros que legalmente a constituían, e en votación ordinaria,

A C O R D O U:

Primeiro.-

Aprobar provisionalmente a imposición e ordenación, así como as correspondentes Ordenanzas Fiscais Reguladoras, das taxas por:

-Ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valas, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas; postos, barracóns, casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreos de uso público; risos, postes, cables, palomillas, caixas de amarre, de distribución ou de rexistro, básculas, aparellos para a venda automática e outros análogos, que se establezan sobre a vía pública ou voen sobre a mesma; subministración de auga; entradas de vehículos a través de reservas da vía pública para aparcadoiro exclusivo, carga e descarga de mercadorías de calquera clase; concesión de nichos e terreos no Cemiterio Municipal, e rede de sumidoiros.

Segundo.-

Aprobar provisionalmente a modificación, das Ordenanzas Fiscais Reguladoras das Taxas por:

Servicio de recollida domiciliar de lixo ou residuos sólidos urbanos; licenza de apertura de establecementos; outorgamento de licencias e autorizacións administrativas de Auto-Taxis e demais vehículos de aluguer; expedición de licenza de primeira ocupación.

Terceiro.-

Expoñer ó público ós expedientes tramitados de imposición e ordenación, e de modificación, das Ordenanzas Fiscais Reguladoras das Taxas que se relacionan neste acordo, polo prazo de 30 días hábiles, contados a partir do seguinte ó da inserción do correspondente edicto no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, para os efectos de exame e reclamacións, de conformidade co previsto no artigo 17.1 e 2, da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais.

Cuarto.-

Que este acordo de aprobación provisional será elevado a definitivo, sen mais trámite, no caso de non presentarse reclamacións contra o mesmo, continuándose o expediente de acordo co procedemento previsto nos apartados 4 e 5 do artigo 17 da citada Lei 39/1988; facendo constar que se publicarán integramente tódalas Ordenanzas Fiscais anteriormente detalladas neste acordo, é dicir, incluídas as Ordenanzas Fiscais modificadas.

Quinto.-

As citadas Ordenanzas Fiscais aprobadas entrarán en vigor o mesmo día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, e serán de aplicación a partir do 19 de xaneiro de 1999.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR "OCUPACION DE TERREOS DE USO PUBLICO, CON MERCADORIAS, MATERIAIS DE CONSTRUCCION, CASCALLOS, VALAS, PUNTAIS, ASNILLAS, ANDAMIOS E OUTRAS INSTALACIONES ANALOGAS".

Artigo 19.-Fundamento e Réxime.

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.3.g), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, segundo a modificación establecida polo artigo 66 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Reordenación das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público, este Concello establece a Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais de dominio público local por "ocupación de terreos de uso público local con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valas, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas", que se rexerá pola presente Ordenanza.

Artigo 20.- Feito imponible.

1. Constitúe o feito imponible desta Taxa a ocupación de terreos de uso público local con:

a) Cascallos, terras, areas, materiais de construción, leña ou calquera outros materiais análogos.

b) Valas, andamios e outras instalacións adecuadas para protección da vía pública das obras colindantes.

c) Puntais, asnillas, e en xeral toda clase de apeos de edificios

2. De conformidade co previsto no artigo 24.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, modificado pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza se producen desperfectos no pavimento, instalacións da vía pública, ou bens de uso público, os titulares de

aqueles están obrigados a reparar ou reconstruír os danos causados con independencia do pagamento da taxa. Se os danos fosen irreparables o Concello será indemnizado. A indemnización fixarase nunha suma igual ó valor das cousas destruídas.

Artigo 39.-Suxeito pasivo.

Están obrigadas ó pagamento da taxa pola ocupación de terreos de uso público con mercadorías, materiais de construción, cascallos, valas, puntais, asnillas, andamios e outras instalacións análogas, as persoas físicas ou xurídicas e as Entidades a que se refire o artigo 33 da Lei Xeral Tributaria, a cuxo favor se outorgue a licenza ou quen se benefician do aproveitamento se se actuou sen a preceptiva autorización.

Artigo 40.- Base imponible.

A base estará constituída polo tempo de duración dos aproveitamentos e pola superficie en metros cadrados ocupada polos materiais depositados, os metros cadrados delimitados polas valas, andamios, puntais ou outras instalacións adecuadas empregadas no apeo de edificios.

Artigo 59.-Cota tributaria.

1.A contía da Taxa será a fixada na seguinte:

TARIFA

Concepto	Unidade Adebado	Categoría Rúa	PESETAS		
			Día	trimestre	ano
A.Valas.....	m.2	única	15	1.000	10.000
B.Andamios....	m.2	única	15	1.000	10.000
C.Puntais....	m.2	única	15	1.000	10.000
D.Mercadorías.	m.2	única	15	1.000	10.000
E.Materiais de construción e cascallos.....	m.2	única	15	1.000	10.000

Artigo 69.-Devengo.

A obrigación do pagamento nace:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos da vía pública: no momento de solicita-la correspondente licenzia.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados: o día primeiro de cada un dos períodos naturais de tempo sinalados na Tarifa.

O pagamento da taxa efectuarase:

a) Tratándose de concesións de novos aproveitamentos: Por ingreso directo na Caixa da Tesourería Municipal con anterioridade á entrega da correspondente licenzia ou autorización.

O ingreso efectuado terá, carácter de depósito previo, elevándose a definitivo ó concederse a correspondente licenzia ou autorización.

b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados: Unha vez incluídos nos padróns ou matriculas da taxa, por trimestres naturais nas oficinas de Recadación Municipal dende o día 16 do primeiro mes do trimestre, ata o día 15 do segundo mes.

Artigo 70.-Responsables.

1.Serán responsables solidariamente das obrigacións tributarias establecidas nesta Ordenanza toda persoa causante ou colaboradora na realización dunha infracción tributaria. Nos supostos de declaración consolidada, tódalas sociedades integrantes do grupo serán responsables solidarias das infraccións cometidas neste réxime de tributación.

2. Os copartícipes ou cotitulares das herdanzas xacentes, comunidades de bens e demais entidades que, carentes de personalidade xurídica, constitúan unha unidade económica ou un patrimonio separado, susceptible de imposición, responderán solidariamente e en proporción ás súas respectivas participacións das obrigacións tributarias de ditas entidades.

3.-Serán responsables subsidiarios das infraccións simples e da totalidade da débeda tributaria no caso de infraccións graves cometidas polas persoas xurídicas, os administradores daquelas que non realicen os actos necesarios da súa incumbencia, para o cumprimento das obrigacións tributarias infrinxidas; consentiran no incumprimento por quen dependan deles ou adopten acordos que fixeran posible as infraccións. Así mesmo, tales administradores responderán subsidiariamente das obrigacións tributarias que estean pendentes de cumprimento polas persoas xurídicas que cesaran nas súas actividades.

4.Serán responsables subsidiarios os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral, cando por negligencia ou mala fe non realicen as xestións necesarias para o total cumprimento das obrigacións tributarias devengadas con anterioridade a ditas situacións e que sexan imputables ós respectivos suxeitos pasivos.

Artigo 80.-Exencións e bonificacións.

De conformidade co disposto no artigo 9 da Lei 39/88, do 28 de decembro, non se recoñece beneficio tributario ningún, agás os que sexan consecuencia do establecido nos Tratados ou Acordos Internacionais ou os previstos nas normas con rango de Lei.

O Estado, as Comunidades Autónomas e as Entidades Locais non estarán obrigados ó pagamento das taxas por utilización privativa ou aproveitamento especial do dominio público polos aproveitamentos inherentes ós servizos públicos de comunicacións que exploten directamente e por tódolos que inmediatamente interesen á seguridade cidadá ou á defensa nacional.

Artigo 90.-Normas de xestión.

1.As cantidades esixibles liquidaranse por cada aproveitamento solicitado ou realizado, sendo irreducibles polo período autorizado.

2. As persoas ou entidades interesadas na concesión de aproveitamentos deberán solicitar previamente a correspondente licenzia, realizalo correspondente depósito previo, de conformidade co artigo 26.1.a, da Lei 39/1988, do 28 de decembro, modificado pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, e formular declaración na que conste: Nome, apelidos, DNI, domicilio actual e profesión.

3. Conprobadas as declaracións formuladas, concederanse as autorizacións de non existiren diferenzas. No suposto de existiren diferenzas serán notificadas ós interesados, xirándose as liquidacións complementarias que procedan, as autorizacións concederanse unha vez subsanadas as diferenzas e realizado o ingreso complementario.

4.Os interesados no suposto de denegación da autorización, poderán solicitar a devolución do importe do depósito previo.

5.Non se permitirá a ocupación ata tanto non sexa ingresado o importe do depósito previo e fora concedida a autorización.

6. Autorizada a ocupación entenderase prorrogada automaticamente, ata que se solicite a baixa polo interesado ou se declare a súa caducidade.

7.A presentación da baixa surtirá efectos a partir do día primeiro do mes seguinte do período autorizado.

8. A non presentación da baixa determinará a obrigación de seguir aboando a taxa.

9. De conformidade co previsto no artigo 24.5 da Lei 39/1988, do 28 de decembro, modificado pola Lei 25/1998, do 13 de xullo, cando con ocasión dos aproveitamentos regulados nesta Ordenanza se producisen desperfectos no pavimento, instalacións da vía pública, ou bens de uso público, os titulares de aqueles están obrigados a reparar ou reconstruír os danos causados con independencia do pagamento da taxa. Se os danos fosen irreparables o Concello será indemnizado. A indemnización fixarase nunha suma igual ó valor das cousas destruídas.

Artigo 102.-Categoría das rúas.

Os efectos previstos para a aplicación da tarifa do apartado 1 do artigo 59, as vías públicas deste Concello clasifícanse nunha única categoría.

Artigo 119.- Infraccións e sancións.

En todo o relativo á cualificación de infraccións tributarias e sancións, ademais do previsto nesta Ordenanza, estarase ó disposto nos artigos 77 e seguintes da Lei Xeral Tributaria e demais normativa aplicable.

Disposición final

A presente Ordenanza, cuxa redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación na sesión celebrada o día 11 de novembro de 1998, entrará en vigor o día da súa publicación íntegra no Boletín Oficial da Provincia, e será de aplicación a partir do día 1 de xaneiro de 1999, permanecendo en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR POSTOS, BARRACONS, CASETAS DE VENDA, ESPECTACULOS OU ATRACCIONS SITUADOS EN TERREOS DE USO PUBLICO.

Artigo 12.-Fundamento e Réxime.

De conformidade co previsto no artigo 58 en relación co artigo 20.3.n), ambos da Lei 39/1988, do 28 de decembro, reguladora das Facendas Locais, segundo a modificación establecida polo artigo 66 da Lei 25/1998, do 13 de xullo, de modificación do Réxime Legal das Taxas Estatais e Locais e de Recorrenza das Prestacións Patrimoniais e de Carácter Público, este Concello establece a Taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do dominio público local por "instalación de postos, barracóns, casetas de venda, espectáculos ou atraccións, sitios en terreos de uso público local", que se rexerá pola presente Ordenanza.